

## Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2007

### NOTA DE PRENSA

#### **A 1 de xaneiro de 2007 había 211.053 empresas activas en Galicia, un 3,8% máis que un ano antes**

O número de empresas que exercen a súa actividade<sup>1</sup> en Galicia creceu un 3,8%, contabilizándose 211.053 empresas a 1 de xaneiro de 2007, segundo a última Explotación do directorio de empresas e unidades locais elaborada polo Instituto Galego de Estatística.

#### **Empresas activas a 01/01/2007**

Sede	Número	Taxa de variación anual (%)
<b>TOTAL</b>	<b>211.053</b>	<b>3,8</b>
A Coruña	86.102	3,6
Lugo	25.376	3,0
Ourense	23.985	2,2
Pontevedra	70.443	4,5
Fóra de Galicia	5.147	9,1

FONTE: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

O 98% destas empresas teñen a súa sede en Galicia, concentrándose as tres cuartas partes delas nas provincias da Coruña e Pontevedra. O número de empresas con sede noutra comunidade autónoma ascende a 5.147, un 9,1% máis que un ano antes.

#### **O 59% das empresas teñen como titular a unha persoa física**

A persoa física é a forma de titularidade que máis importancia ten no tecido empresarial galego. Nesta categoría hai 125.092 empresas, o 59,3% do total. Seguen en importancia, con case o 30% das empresas, as sociedades de responsabilidade limitada.

#### **Empresas activas a 01/01/2007 segundo tipo titularidade**

Tipo titularidade	Número	Porcentaxe (%)	Taxa de variación anual (%)
<b>TOTAL</b>	<b>211.053</b>	<b>100,0</b>	<b>3,8</b>
Persoa física	125.092	59,3	1,8
Sociedade anónima	5.909	2,8	-0,1
Sociedade limitada	63.001	29,9	7,4
Sociedade cooperativa	1.022	0,5	-0,1
Outros	16.029	7,6	7,5

FONTE: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

<sup>1</sup> Non se teñen en conta as empresas do sector primario, da administración pública, defensa e seguridade social, actividades dos fogares nin os organismos extraterritoriais.

### As empresas de servizos representan o 77% do total

Se se consideran as empresas segundo a súa actividade principal, mantense como en anos anteriores unha elevada concentración das empresas no sector de servizos. A 1 de xaneiro de 2007 había nesta actividade 163.284 empresas, un 3,6% máis que un ano antes. Dentro deste sector destacan o comercio, actividades inmobiliarias, de alugueiro e de servizos empresariais xunto coa hostalería.

#### Empresas activas a 01/01/2007 segundo actividade principal

Actividade principal	Número	Porcentaxe (%)	Taxa de variación anual (%)
<b>TOTAL</b>	<b>211.053</b>	<b>100,0</b>	<b>3,8</b>
Industria e enerxía	17.001	8,1	1,2
Construción	30.768	14,6	6,7
Comercio e reparación	59.986	28,4	1,2
Hostalería	22.985	10,9	1,5
Transporte, almacenamento e comunicacións	14.122	6,7	1,8
Intermediación financeira	3.662	1,7	7,1
Servizos inmobiliarios, de alugueiro e empresariais	39.196	18,6	9,2
Educación, sanidade e servizos sociais	10.759	5,1	4,0
Outros servizos	12.574	6,0	3,3

FONTE: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

### O 59% das empresas galegas non ten ningún asalariado

As empresas caracterízanse pola súa reducida dimensión. Así, preto do 95% das empresas activas en Galicia a 1 de xaneiro de 2007 tiñan menos de 10 empregados asalariados.

#### Empresas activas a 01/01/2007 segundo estrato de asalariados


Estrato asalariados	Número	Porcentaxe (%)	Taxa de variación anual (%)
<b>TOTAL</b>	<b>211.053</b>	<b>100,0</b>	<b>3,8</b>
Sen asalariados	124.523	59,0	8,1
De 1 a 2 asalariados	46.866	22,2	-5,3
De 3 a 5 asalariados	19.962	9,5	2,0
De 6 a 9 asalariados	8.485	4,0	3,7
De 10 a 19 asalariados	5.988	2,8	1,5
De 20 a 49 asalariados	3.636	1,7	4,4
De 50 a 249 asalariados	1.398	0,7	8,0
De 250 ou máis asalariados	195	0,1	9,6

FONTE: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

## Concentración xeográfica

Das case 206 mil empresas con sede en Galicia a principios de 2007, preto do 42% teñen sede nalgunha das sete cidades galegas. O concello de Vigo é o que máis empresas concentra (23.824 empresas) seguido do da Coruña (22.557), entre os dous suman case o 23% das empresas con sede en Galicia.

**Distribución por concello das empresas activas a 01/01/2007**



## Demografía empresarial

Durante o ano 2006 iniciaron a súa actividade en Galicia máis de 24 mil empresas, o 77% delas no sector de servizos, mentres que 16.305 cesaron a súa actividade.

### Demografía empresarial 01/01/2007

Situación da actividade	Número
Altas	24.041
Permanencias	187.012
Baixas	16.305

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_empresariais\\_empresas\\_2003.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_empresariais_empresas_2003.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>